

## INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR. CONVOCATORIA 2022

A inscrición farase de modo telemático: hai que cubrir a solicitude a través da "Ligazón a aplicación informática" dispoñible na páxina [www.edu.xunta.gal/fp/probas](http://www.edu.xunta.gal/fp/probas). Xera unha *instancia para imprimir que se deberán presentar na secretaría de calquera centro que imparta FP*, xunto coa documentación que se indique na instancia. Moi importante: si non se entrega, non estará feita a matrícula.

Para crear a solicitude pode empregarse: Chave 365, conta edu.xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital.

Se non dispón de ningún destes sistemas, hai que pinchar Outros accesos: e pódese indicar o DNI e un enderezo de correo.

Dende o día 31 de xaneiro ata o 11 de febreiro ( ámbolos dous incluídos).

### Requisitos para presentarse as probas:

- Ter cumpridos 19 anos antes do 31 de decembro do 2022.
- Non estar en posesión do título de técnico de grao medio. Xa que estas persoas terán acceso directo aos ciclos de grao superior de FP.

### Estrutura das probas:

▲COMÚN: Faranse 3 exames: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.

▲ESPECÍFICA: Organízase en 3 opcións: **A**, **B** e **C** en función das familias profesionais.

Cada opción contén 3 materias e o alumno/a **deberá elixir 2 para examinarse**.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4 puntos en cada parte. Para facer a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

### Exencións a proba de acceso:

- Exención total: Si se ten superada a proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
- Exención da parte común: Aqueles alumnos que superaran unha proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta, ou superación da proba de acceso a CF de grao superior de Ensinanzas deportivas ou de Artes Plásticas e Deseño.
- Exención da parte específica:

Dispor dun **título de técnico auxiliar ( FPI)**. Terá exención de acordo coa correspondencia do título coas familias profesionais segundo a opción da proba.

Dispor dun **certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior** dalgunha das familias profesionais incluídas na opción pola que se presenta.

**Quen acredite como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa en campos profesionais que se correspondan cos estudos que se pretenden cursar. ( entregando o ANEXO X)**

Ter a condición de **deportistas de alto nivel ou rendemento** ( no caso de presentarse pola opción C)

Dispor dun **título de técnico deportivo** ( no caso de presentarse pola opción C)

Dispor dun **título de técnico de artes plásticas e deseño** ( no caso de presentarse pola opción B).

\* Importante: si só se supera unha parte, e polo tanto, non se supera a proba, esta nota poderá gardarse para a próxima convocatoria un máximo de 2 anos.

### **DATA E HORARIO DAS PROBAS:**

As probas celebraranse o **día 28 de abril (xoves)** no CIFP Coroso. No seguinte horario:

🕒 9:00. presentación.

🕒 9.30- 13:00. Parte común ( 3 exames).

🕒 16:00- 18:30. Parte específica ( 2 exames)

O día da proba: presentar o DNI/NIE/ Pasaporte para identificarse e a fotocopia da inscrición.

Os resultados das **calificacións provisionais das probas** de acceso publicaranse o **día 10 de maio.**

\*\* Se queredes máis información contactade co **DPTO. ORIENTACIÓN do CIFP COROSO** ( vía telefónica ou por correo electrónico) ou mirade na páxina web [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp) ( pinchando en probas e logo en grao superior).